



ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE OPERARIOS SERVIZOS MÚLTIPLES, SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA-APROL RURAL, EXP: TR351G 2021/24-1

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 1 de xullo de 2021, reúnese o tribunal designado para a selección da praza, composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Segade Santos.
- Vogal: Julio F. Seijas Arufe.
- Secretario: José Antonio Maneiro Maneiro

O obxecto da sesión é proceder á valoración da fase de oposición, establecida na base 8ª.

Tal e como se reflicte na base 8ª, a fase de oposición (Puntuación máxima 10 puntos)

A oposición constará de dous exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Primeiro exercicio.- Exercicio práctico, consistente na realización dunha proba de capacitación, nun tempo máximo de 30 minutos, este exercicio será cualificado entre 0 e 10 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos.

Segundo exercicio.- En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) terán unha proba de galego que consistirá na tradución sen diccionario dun texto proposto previamente polo tribunal, de castelán ó galego, nun tempo máximo de vinte minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Unha vez realizado, o tribunal por unanimidade dos tres membros acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	CASO PRÁCTICO	GALEGO	TOTAL
Ventoso Maneiro Manuel	4	-	4
Carleos Rodríguez Rogelio Antonio	3	-	3
Pérez Santamaría Ramón	2	-	2
Castelo Queiruga Milagros	0	-	0
Pouso Maneiro Carmen	NP	-	-

2º) Propoñer á Alcaldía-Presidencia **que ditas prazas queden vacantes, por non acadar ningún dos aspirantes a puntuación mínima de 5 puntos.**